

CABO VILÁN




CAMARIÑAS, COSTA DA MORTE (A CORUÑA)

ÍNDICE

| | |
|--|--------------|
| 1.Xeodestino Costa da Morte..... | páx.3 |
| 2.Situación | 4 |
| 3.Un pouco de historia..... | 5 |
| 4.Outros enlaces de interese..... | 6 |
| 5.Webgrafía..... | 6 |

1.Xeodestino Costa da Morte

Imaxe 1.-Xeodestinos de Galicia



Fonte: www.turgalicia.es

Imaxe 2.-Costa da Morte

▼ Presentación

- > Patrimonio
- > Espazos naturais
- > Festas e gastronomía

Costa da Morte

Presentación...

O xeodestino Costa da Morte abrangue os concellos de Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Coristanco, Corcubiión, Dumbria, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muxia, Ponteceso, Vimianzo e Zas.

Aquí estaba a fin do mundo, o "Finis Terrae" dos romanos. Concretamente, en **Cabo Fisterra**, un lugar fascinante desde a máis remota antigüidade, e onde moitos peregrinos dan por finalizado a súa viaxe despois de pasaren por **Santiago de Compostela**.

A lendaria **Costa da Morte** debe o seu nome aos numerosos naufraxios que aquí ocorreron. Unha agreste franxa costeira con praias inmensas como **Carnota**, **O Rostro** ou **Baldaio** e tamén cantís, fortes correntes e repentinos temporais que a fan tan temida polos navegantes. Aquí manda o mar. Así nolo recorda o **Cemiterio dos Ingleses**, preto de **Cabo Vilán**, onde foron enterrados os mariñeiros do **Serpent** que naufragaron en 1890. E quizá para pedir clemencia ao ceo, esta é tamén unha costa zarrapicada de santuarios máxicos, como o da **Virxe da Barca**.


Mais ás veces, o mar inténase na terra e convértese nunha protectora ría: **Corcubiión**, **Lires**, **Camariñas**, **Corme e Laxe**. Vilas con auténtico sabor mariñeiro e moitas historias que contar. Como os hórreos xigantes de **Carnota** e **Lira**. Ou a delicadeza dos **encaixes de Camariñas**.



Fonte: www.turgalicia.es

2.Situación

Imaxe 3.- Cabo Vilán



Fonte: www.google.es

3.Un pouco de historia...

O **Cabo Vilán** está situado na costa da Morte, concretamente no concello de Camariñas. O enclave foi declarado de Interese Nacional no ano 1933 por ser un lugar rochoso e escarpado e hoxe en día é Monumento Natural. Con todo, a escasa distancia do cabo hai instalado un parque eólico e unha piscifactoría de cría de rodaballo.

O faro de Cabo Vilán sinala un dos tramos máis perigosos da Costa da Morte, pero tamén un dos máis fermosos. Erguido a 125 metros de altitude e unido ao antigo edificio dos fareiros, posúe un potente canón de luz capaz de acadar os 55 km. É o faro eléctrico máis antigo de España.

En 1890, o navío inglés *Serpent*, que navegaba cara a Serra Leoa, afundiou preto do cabo por mor dun temporal, perecendo 173 homes que están soterrados no **Cemiterio dos Ingleses**, a escasa distancia do cabo Vilán. No habitáculo interior do cemiterio permanecen os restos do capitán e oficiais e no recinto exterior os dos mariñeiros.

O almirantazgo inglés agasallou ao pobo de Camariñas, en agradecemento polo seu comportamento, cun barómetro, ao cura de Xaviña cunha escopeta e ao alcalde cun reloxo. Nos primeiros anos trala catástrofe, un barco da armada inglesa achegábase ata o lugar para arroxar unha coroa de flores e cada barco de guerra inglés que pasaba preto destas costas lanzaban unhas salvas de ordenanza na honra dos compañeiros soterrados no Cemiterio Inglés.

Imaxe 4.- Cemiterio dos ingleses



Fonte: www.turgalicia.es

4. Outros enlaces de interese

-FARO VILÁN: Galería de imaxes
<http://farovilan.com/galeria-de-imagenes.html>

-CONCELLO DE CAMARIÑAS: Cementerio de los ingleses. Nuestro mar de Albión
<https://youtu.be/CzVfuE2wlns>

5. Webgrafía

-CONCELLO DE CAMARIÑAS
<http://www.camarinas.net/turismo/ga/>

-GOOGLE MAPS
<https://www.google.es/maps/>

-TURGALICIA: Cabo Vilán
http://www.turgalicia.es/ficha-recurso?langId=gl_ES&cod_rec=6676&lay=944

-TURGALICIA: Xeodestinos
http://www.turgalicia.es/portada-xeodestinos?langId=gl_ES